


novas en branco e negro

O periódico dos criadores de frisón de Galicia

Bo Nadal

As vacas galegas triunfan no concurso nacional Conafe


A XXV edición do Concurso Nacional da Raza Frisona, CONAFE 2003, celebrado en Xixón entre os pasados días 25 ó 28 de setembro, tivo nos animais galegos uns dos seus grandes triunfadores. Dos 16 exemplares galegos preparados e presentados por FEFRIGA, acadaron galardón 14, polo que Galicia quedou clasificada como segunda autonomía das 11 que participaron no concurso. Por sección as vacas galegas acadaron a primeira posición en becerras de 11 a 13 meses e en xovencas de 17 a 19 meses. Mención especial merece o triunfo de Bos Astre Baiña como campiona nacional de vacas adultas. Este animal, pertencente á gandería Cobas de Silleda, Pontevedra, é un dos exemplares más galardoados dos adscritos ó Plan de Mellora Xenética de Galicia. O palmarés acadado polo rabaño galego participante en CONAFE 2003 complétase con dous subcampionatos nas categorías de becerras e xovencas e tres segundos postos por seccións.




Bos Astre Baiña. Gandería Cobas (Silleda, Pontevedra)



Stand institucional Fefriga



Grupo Galicia, segunda mejor autonomía



Lote de vacas presentadas por Galicia, CONAFE 2003

Premios acadados por animais de Galicia

Sección 1	BECERRAS DE 8 A 10 MESES
Terceiro premio:	NODI ASTRE XISTRA Gandería NODI (Barreiros - Lugo)
Sección: 2	BECERRAS DE 11 A 13 MESES
1º premio	AGRORTEGAL ESTRELLA ROY GRANXA CAXIGUEIRA (Ortigueira - A Coruña)
Sección 4	XOVENCAS DE 17 A 19 MESES
1º premio	POZO LEE 4760 CASA POZO (Saa - Lugo)
Sección 5.	XOVENCAS DE 20 A 22 MESES
2º premio	CAPON CAROLA LEE CASA CAPON (Chantada - Lugo)
Sección 6	XOVENCAS DE 23 A 26 MESES
3º premio	LOUZAO INTEGRITY CLAUDIA LUIS LOUZAO FERNANDEZ (Silleda - Pontevedra)
Sección 7.	BECERRA CAMPIONA
Subcampiona	AGRORTEGAL ESTRELLA ROY GRANXA CAXIGUEIRA (Ortigueira - A Coruña)
Sección 8.	XOVENCA CAMPIONA
Subcampiona	POZO LEE 4760 CASA POZO (Saa - Lugo)
Sección 10.	VACA XOVE LACTACIÓN ATA 3 MESES
2º premio	CID LEREZ FORDA GANDERÍA CID, C.B. (Barreiros - Lugo)
Sección 12.	VACA INTERMEDIA LACTACIÓN DE 3 ANOS
4º premio	SEIXO WADE RITA CASA POZO (Saa - Lugo)
Sección 13	VACA INTERMEDIA LACTACIÓN DE 4 ANOS
2º premio	AGRORTEGAL GALLETERA JUROR GRANXA CAXIGUEIRA (Ortigueira - A Coruña)
Sección 15.	VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 ANOS OU MÁIS
1º premio	BOS ASTRE BAIÑA GANDERÍA COBAS (Silleda - Pontevedra)
5º premio	PALOMA CASA NOVA SAT 1021 XUGA (Mesía - A Coruña)
Sección 18	VACA ADULTA CAMPIONA
Campiona	BOS ASTRE BAIÑA GANDERÍA COBAS (Silleda - Pontevedra)
Sección 20	MELLOR AUTONOMÍA
Segunda	GALICIA

Seguimos á súa disposición na nova sede

Federación Frisona Galega
R/ Melide 25-27 Baixo • 15704 Santiago de Compostela
A Coruña • España

Tfno./Fax: +34 981 573 879 • +34 981 573 775

www.fefriga.com

Tele-embrións: Fefriga, pionera no uso das novas tecnoloxías

A venda de embríóns por internet implántase con grande éxito

Fefriga puxo en marcha na primavera pasada un sistema de venda de embríóns por Internet que está a resultar de grande utilidade e que chamou a atención doutras entidades e agrupacións de gandeiros no conxunto de España.

Os embríóns proceden da Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos, xestionada por Fefriga, e gracias a Internet calquera interesado pode consultar a disponibilidade de embríóns existentes, e por suposto, coñecer a carga xenética de cada un, pois o sistema permite coñecer as características e lactacións da nai doadora e as súas antecesoras, tanto se pertencen a Bos como se están rexistradas en Canadá ou Estados Unidos.

Localizado un embrío polo que exista interese, o navegador pode ordenar a súa compra. Para iso, primeiro debe rexistrarse. Tódolos socios de Fefriga atopanse xa rexistrados, co seu DNI e co seu número de rexistro de Conafe, se ben por motivos de seguridade deben engadir unha palabra chave e un e-mail válido. Os non socios deben introducir os seus datos identificativos, e para acceder en futuras ocasións ó sistema, abondará con que escriban o seu e-mail e o contrasinal.


¿Pero como chegar ata aquí? Moi sinxelo. Abonda con conectarse a Internet e teclear na barra de direccións: <http://www.fefriga.com>. Na portada atoparemos a indicación "UTE Bos - Venta de embríóns", de xeito que se facemos clic sobre estas palabras accedemos á web de UTE Bos, onde se amosará o catálogo dos animais criados en Bos, cos seus datos xenéticos, o sistema de venda e reserva de embríóns e ampla información sobre as condicións deste sistema.

A partir de aí, o funcionamento é moi sinxelo. Sen necesidade de rexistro, podemos consultar a lista de embríóns á venta e o seu prezo. Esta consulta pódese facer por dous camiños diferentes: ou ben directamente, nunha listaxe na que figuran os cruces dos embríóns disponibles, ou ben a través do catálogo de Bos, a partir das fichas das vacas e dos seus datos xenéticos, pois en cada ficha hai unha indicación sobre se existen embríóns seus á venda.

Por calquera dos xeitos podemos saber se hai embríóns que nos interesen, e se así fose deberemos rexistrarnos. Se realmente somos socios de Fefriga, é importante que entremos como tales no sistema de venda, porque Fefriga dá preferencia nos prazos ós seus socios, e se entrasemos como un comprador alleo perderíamos esa preferencia, malia que poñamos o noso nome correctamente.

As condicións especiais para os socios de Fefriga resúmense nestas dúas: Prioridade na compra e desconto do 40% con prohibición de revenda. Durante os primeiros quince días nos que unha recolecta de embrío sae á venda, só pode ser adquirida por socios de Fefriga. Transcorrido ese prazo sen ningún pedido válido, queda á total disponibilidade dos internautas interesados.

En calquera dos casos, en canto nos rexistramos, amósase a lista completa de embríóns dos que dispoñemos e un recadro á esquerda no que podemos marcar os embríóns que nos interesan, para face-lo noso pedido. Por suposto que no mesmo pedido podemos incluir tantos embríóns



como queiramos.

É conveniente ler as condicións de venda e marcar o recadro onde manifestamos a nosa conformidade antes de darlle ó botón de "Realizar compra". Aparecerá un albará electrónico con tódolos datos do noso pedido. Se todo está conforme, premeremos o botón "Finalizar" e o pedido estará cursado. Haberá un prazo de 48 horas para face-lo ingreso na conta de Fefriga e, daquela, os embríóns serán nosos.

Reservas

Unha das peculiaridades do sistema de venda de embríóns de Fefriga é a xestión das reservas. Debido á existencia dun prazo de preferencia para os socios e tamén ó interese da Federación por axilizar a xestión dos embríóns, UTE Bos incorpora un sistema de reservas que impide o bloqueo dos embríóns más apetecidos polo mercado.

Ademais dos embríóns disponibles para a súa venda inmediata, hai unha lista de embríóns en reserva. ¿De onde proceden estes embríóns? Moi sinxelo, son aqueles que xa foron pedidos por alguén pero que ainda non foron pagados. Se estamos interesados por algún destes embríóns, podemos apuntalos á nosa conta de reserva. Se finalmente a venda inicial non se consuma por falta de pagamento ou desistencia do anterior comprador, o sistema adjudicaralle o embrío ó primeiro gandeiro que fixo unha reserva sobre o dito embrío. Por suposto, as reservas non teñen custo ningún, a única condición é a de estar rexistrado.

Os gandeiros que non son socios atoparán na lista de embríóns en reserva todos aqueles que están nos seus primeiros 15 días de venda, porque nese prazo só están disponíveis para gandeiros de Fefriga, pero eles poden facer opcións de reserva sobre os embríóns que lles interesen.

En calquera dos casos, cando se adxudica un embrío que estaba en reserva, dáse un prazo de 48 horas (excluíndo domingos) ó adxudicatario para que faga a súa compra. Se non a fai, adxudícaselle ó seguinte na lista de reserva.

Tódolos usuarios do sistema poden consultar os seus datos históricos: número de pedidos, número de compras e embríóns que teñen en reserva. Esta información atopase na sección "Mi cuenta" e debe activarse logo de rexistrarse.

Utilidade

Nestes primeiros meses de implantación, o sistema está resultando moi útil en tódolos obxectivos marcados. Por unha parte, permite a publicación sistemática e transparente de toda a oferta disponible en UTE Bos, unha aspiración da Federación para garantir por completo a igualdade de acceso de tódolos socios ós embríóns, e que permite ademais estender a oferta fóra dos límites da comunidade galega pero mantendo a preferencia dos socios por riba dos demás, con condicións especiais.

Vencellar o sistema de venda de embríóns á información xenética dos animais de Bos permite ademais unha organización da información que redunda en beneficio do socio, do comprador e, en xeral, de calquera persoa interesada no sector.

Lista de embríóns en reserva			
BOS RUDOLPH TRABADA	18/02/1998	M887 (2)	NO
BOS RUDOLPH VILACOVA ET	12/04/1998	M886 (2)	SI
BOS GIBBON TRONCEDA ET	11/07/1998	M886 (2)	SI
BOS WADE QUINTANA ET	10/08/1998	M887 (2)	NO
BOS MATTIE SALVORA ET	17/05/1999	M887 (2)	SI
BOS RUDOLPH VALDRA ET	17/06/1999	M886 (2)	SI
BOS RUDOLPH CORA ET	20/06/1999	M886 (2)	NO
BOS PROGRESS AZUNARA	27/09/1999	M886 (1)	SI
BOS LEE LONDRETA	18/01/2000	M886 (1)	SI



Éxito de convocatoria na XVII Escola de Xuíces gandeiros Fefriga '03

O pasado mes de xullo, máis de 150 gandeiros procedentes de Galicia, Asturias, Castela-León, Castela-A Mancha, Estremadura, Cataluña e Portugal deronse cita na Provincia da Coruña para afondar no coñecemento da morfoloxía e do Xulgamento da vaca frisona, no marco da XVII Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga '03. A Escola comenzou o día 30 de xullo, con dúas clases teóricas. Por un lado, Gabriel Blanco, xefe do Departamento de Morfoloxía de Conafe, explicou cómo debe ser a morfoloxía da vaca ideal, así como a importancia de tipo en canto a productividade e lonxevidade. A continuación, Daniel Ferreiro Otero, técnico de AGACA, pronunciou unha interesante conferencia sobre a reforma da PAC e as súas repercusións nas explotacións leiteiras. Na sesión da tarde dese día e ó longo das dúas xornadas seguintes xulgáronse 20 seccións de animais baixo a experta dirección de Mauro Carra, xefe do Departamento de Morfoloxía de ANAFI, xuiz internacional e presidente do Comité Europeo de Xulgamento, quen co seu característico benfacer e profesionalidade soubo transmitirllles ós interesados alumnos coñecementos e técnicas de valoración dos animais, indispensables para o exercicio da gandeiría. Queremos dende estas páxinas felicitar ós gandeiros que cos seus extraordinarios animais e traballo fixeron posible esta Escola, do mesmo xeito transmitirlle a Africor-Coruña e a todo o seu equipo técnico o excelente labor realizado tanto na preparación, como ó longo de toda a Escola.

Gandeirías Colaboradoras :

Gandería Pradeira	Xoane – Goians - Carballo
Gandería Casás	Xoane – Goians – Carballo
Gandería Rivera	Negrelle – Cambas – Aranga
Gandería Fandelo	Negrelle – Cambas – Aranga
Gandería Quinto	Negrelle – Cambas – Aranga
Gandería Vilariño	Vitre – Frades
Gandería S.A.T. Casa Nova	Boado - Mesía
Gandería S.A.T. Arrieiro	Sar – Bama - Touro
Gandería S.A.T. Souto	Sar – Bama - Touro
Gandería Sandá	Sar – Bama - Touro
Gandería La Asunción	A Muíña – Quión - Touro


A Xunta amplía ata o 30 de abril o prazo para legalizar as granxas

Esta medida beneficia a máis de 50.000 explotacións cos trámites pendentes


Catro meses de prórroga acaba de conceder a Consellería de Política Territorial para regularizar as explotacións agrarias e gandeiras sen licencia que existen en Galicia. O prazo amplíase ata o vindeiro 30 de abril. A nota de prensa da Consellería de Política Territorial informa de que as explotacións sen a preceptiva licencia urbanística municipal nin de autorización autonómica antes da entrada en vigor da Lei do solo «terán a posibilidade de legalizarse seguindo uns sinxelos requisitos».

Esta disposición, que afecta ás explotacións construídas antes do 1 de xaneiro do 2003 sen licencia, permitiralle ó agricultor regularizar tódalas construcións de uso gandeiro, ademais da vivenda vinculada á granxa. Co recoñecemento administrativo das edificacións, facilitárselles ós titulares autorización para futuras obras de reforma e ampliación, ademais de posibilitarles o dereito a subvencións e axudas oficiais.


IV Campeonato nacional de manejadores CONAFE 2003



Águeda Capón Fernández, manejadora campiona infantil



Vanesa Carro Iglesias, manejadora campiona junior



Bonet Cid Salgado, manejador campión senior

Axenda • Iº Semestre 2004

Concurso Europeo Raza Frisona	Bruselas	13/15 Febreiro
XIII Concurso Subasta de Gando Frisón	Chantada	28/29 Febreiro
XVII Concurso de Raza Frisona MOEXMU	Moimenta	3/4 Abril
XIII Concurso Autonómico da Raza Frisona	Silleda	12/16 Maio
XXVI Concurso Internacional da Raza Frisona Semana Verde	Silleda	12/16 Maio
XX Concurso de Xoves Manexadores	Silleda	12/16 Maio
VIII Subasta TOP-BOS	Silleda	12/16 Maio
IV Concurso de Pintura FEFRIGA '04	Silleda	12/16 Maio

Edited por:

FEDERACIÓN FRISONA GALEGA

R/ Melide 25-27 Baixo • 15704 Santiago de Compostela
A Coruña • España
Tfno./Fax: +34 981 573 879 • +34 981 573 775
E-mail: fefriga@fefriga.com http://www.fefriga.com

Director: Francesc X. Grau
Depósito Legal: PO-187-99

XUNTA DIRECTIVA DE FEFRI

Presidente: José Aquilino Rodríguez López
Vicepresidente: Francisco Manuel Penabad Pita
Secretario: José Ramón Pazos Fondevila
Tesouero: Juan Álvarez Losada
Interventor: Luis Seoane Labandeira
Vocais: José Manuel López Tellado
Rafael Méndez Guerra
Antonio Pérez Castro

Novas no Libro Xenealóxico

1º) Prazos de Rexistro. Recorde que o regulamento do Libro Xenealóxico só permite rexistrar, vía "Declaración de Nacementos", aqueles animais cuia documentación teña entrado nas oficinas de rexistro, dentro dos **3 meses posteriores ó seu nacemento**. Transcorrido dito prazo só se admitirán aqueles animais cuia Declaración de Nacemento veña acompañada das correspondentes probas de Paternidade e Maternidade (ditas probas son a cargo do gandeiro).

2º) Tarifas de inscrición no Rexistro. Co fin de reducir a elevada porcentaxe de animais que anualmente se rexistran no Libro Xenealóxico, vía Rexistro Auxiliar (preténdese reducilo a un 5% nos próximos 5 anos), a Xunta Directiva de Conafe adoptou os acordos seguintes:

A) Reducir de 12 a 6 € a tarifa por inscrición que se lles aplicaba ós animais procedentes doutros países, dado que, algúns gandeiros, para aforrar a dita cantidade, inscribían os citados animais no Rexistro Auxiliar A.

B) Aplicar unha tarifa de 6 € a cada animal (nacional ou estranxeiro) que se rexistre no Rexistro Auxiliar, Categoría A.

C) A porcentaxe máxima de animais a rexistar no Rexistro Auxiliar A por cada gandería non poderá superar a media nacional de animais inscritos en dito rexistro durante o ano anterior (no 2002 foi dun 16%).

Estes acordos entrarán en vigor a partir do día 1 de xaneiro de 2004.

3º) Silueta: Para poder rexistar un animal no Libro Xenealóxico é indispensable que a súa documentación veña acompañada da correspondente silueta.

ATENCIÓN: Se adquire algún animal procedente do estranxeiro **esixa** que a súa documentación inclúa dita silueta. De non ser así, só poderá rexistralo no Rexistro Auxiliar A.

69 Ganderías teñen presentado a súa solicitude para colaborar no programa Programa de transferencia embrionaria nas ganderías

Como xa se deu a coñecer en boletíns anteriores, o novo **Programa de Transferencia Embrionaria** ten como obxectivo a implantación duns 250 embrións/ano, provenientes das mellores familias de vacas a nivel mundial, para, a partir dos productos obtidos dos mesmos -machos e femias-, incidir intensivamente na mellora do Gando Frisón Galego.

Dada a dimensión do proxecto, e tendo en conta as limitacións da Finca de Bos, estableceronse **Acordos de colaboración con ganderías** dos nosos asociados, cuyas condicións sanitarias, de manexo, así como de dispoñibilidade de receptoras, as fagan idóneas para o desenvolvemento do Programa.

As vantaxes da colaboración son:

1. **Control gratuíto e permanente da gandería**, fronte a IBR, BVD, Neosporose, Paratuberculose, Leptospirose e Clamidiase, mentres dure a súa colaboración co Programa.

2. **Compensacións en material xenético** (dúas posibilidades):

a) Quedar co 50% das femias obtidas, permitindo, se é o caso, a obtención de 4 embrións de cada unha delas, para o Programa. Tódolos gastos de superovulación, recolleita, seme empregado, etc, serán por conta do Programa. Do mesmo xeito, se os embrións obtidos superan os 4 citados, os restantes serán para a gandería colaboradora, sen custo ningún para ela.

b) Devolver ó Programa o 100% dos animais obtidos, recibindo a cambio dous embrións producidos en Bos por cada un deles, asegurando unha xestación por animal retirado (machos e femias).

Polo de agora, 69 ganderías xa teñen presentada a súa solicitude para colaborar neste Programa.

Se está interesado en participar nesta iniciativa ou precisa máis información sobre o Programa, os embrións producidos na UTE Bos, ou calquera outro asunto, non dubide en pórse en contacto con Fefriga.

A Federación Frisona Galega, Fefriga, abriu unha canle de comercialización con Canarias Galicia cambia o signo da súa historia e comeza a exportar vacas leiteiras

Un envío de 40 xovencas ás illas iniciou un negocio que pode alcanzar as 500 reses ó ano. O signo histórico da relación de Galicia coas vacas leiteiras foi sempre mercar no exterior, onde estaba a calidade. Pero esta situación comezou a variar, e Galicia xa compite cos que venden. O gando frisón galego alcanzou niveis morfolóxicos, xenéticos e de garantías sanitarias que non pasan inadvertidos nos mercados. Hai poucos meses, nunha subasta en Silleda con gando do programa xenético galego, produtores de Holanda e Alemaña xa tentearon o producto alertando do cambio dos tempos. Hai poucos días, un lote de 40 xuvencas preñadas foi embarcado no porto de Marín con destino Canarias. Galicia entra nun mercado exportador que antes só podía observar en Asturias ou en Cantabria. A Federación Frisona Galega, Fefriga, soubo sacarlle partido a tódalas sinerxias de anos e anos traballando desde a producción e desde as institucións pola mellora morfolóxica, xenética e sanitaria. Fefriga aglutina a oferta existente nas ganderías galegas e convértese en canle de comercialización xestionando mercados exteriores. E agora prosperou o negocio. A federación homónima de Fefriga en Canarias adquiriu as citadas 40 reses e abriu o seu mercado á posibilidade de alcanzar o medio millar de xovencas ó ano. Fefriga garante niveis de calidade e producións que sempre superan os oito mil litros ó ano, e levan o aval dos controis sanitarios do gando galego. Neste novo marco de comercialización, a federación xestiona lotes de calquera gandería excedentaria galega. As primeiras 40 foron exclusivas de Coren. Media ducia de produtores galegos de elite usarán esa canle na que Fefriga pon o seu saber facer e as súas boas relacións no sector. As ganderías atopan a posibilidade de sacar as súas xuvencas, ó poder crear lotes comercializables e garantir a subministración permanente ás zonas de demanda. Galicia sempre comprou. Agora xa vende reses saídas do seu programa xenético ou descendentes dos mellores toros do mundo co selo de granjas galegas e o aval da federación.

CALIDADE | A comunidade galega foi a segunda de España no concurso Conafe

Os mercados gandeiros teñen referentes de calidade nos concursos morfolóxicos oficiais de gando frisón. Que Galicia abra canles de comercialización cambiando a súa tradición importadora tamén ten un claro reflexo neses tests nacionais. A finais de setembro celebrouse en Xixón o Concurso Nacional de Frisona Española, Conafe 2003. Galicia concorreu con 16 animais seleccionados e preparados por Fefriga. Obtivo 14 distincións e o galardón de segunda comunidade española, tras Asturias. Entre os premios destaca unha vaca adulta da Gandería Cobas de Silleda, que foi campiona, e os dous subcampionatos dunha tenreira de Granxa Caxigueira de Ortigueira e dunha xovenca de Casa Pozo de Saa (Lugo). Estas e outras como Ganadería Cid, de Barreiros (Lugo), e Casa Nova, de Mesía, accederon a outros premios en seccións.